

## 2.3 EIXE I: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

O Eixe I, “Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida”, é o pilar sobre do que se asentán as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade de acceso aos servizos públicos básicos de calidade na sanidade, educación e atención á dependencia, á vez que constitúen a salvagarda, en última instancia, dun modelo social estable e produtivo. Por outra parte, unha sanidade e educación de calidade, xunto coa promoción da cultura, acceso á vivenda e políticas de inclusión e revitalización demográfica crean unha base obxectiva para converter a Galicia nun lugar atractivo e superar os problemas demográficos.

Ademais de gozar dos adecuados niveis de renda, dentro dos elementos que contribúen ao benestar social destacan de xeito tanxible a dispoñibilidade de equipamentos e servizos de saúde, educación, servizos sociais, coidado de dependentes, cultura e lecer.

Un crecemento integrador debe contemplar a cohesión do conxunto da sociedade, e evitar as circunstancias e factores que aumentan o risco de marxinalidade e pobreza de determinados colectivos da poboación ou de aqueles individuos sometidos a circunstancias adversas durante un tempo prolongado.

O crecemento económico, ao xerar un maior nivel de actividade e emprego, comporta un aumento da renda das familias desexable en si mesmo, pero, en todo caso, sempre insuficiente para atender a totalidade das demandas de servizos públicos, así como para asistir as persoas e colectivos necesitados da asistencia que supoñen os elementos que proporcionan a cohesión social.

As políticas de benestar social deben contemplar en Galicia a relativamente débil posición da rexión en canto a niveis educativos, así como a desigualdade na accesibilidade a

servizos sanitarios de asistencia e culturais que se detectan en partes importantes do territorio e afectan aínda a extensos sectores da poboación.

De xeito singular, o abandono escolar, xa en retroceso, debería ser inferior ao 10 por cento, e, polo menos, o 40 por cento da xeración máis nova debería ter estudos superiores completos se queremos igualar as metas que a Unión Europea se marca para o conxunto das rexións en 2020.

No ámbito xeral esixido en todas as ramas de ensino e etapas da vida das persoas, engádese un especial requirimento no ensino de actividades profesionais nos graos medio e superior, determinantes para a conformación dunha sociedade do coñecemento e atraente de proxectos persoais e empresariais de investimento.

O envellecemento da poboación é unha das debilidades estruturais de Galicia, así como a dificultade que supón unha dispersión do hábitat que dificulta e encarece o acceso a servizos de todo tipo, especialmente no medio rural.

En termos globais, e sendo unha das épígrafes máis importantes na conformación dun sistema social produtivo estable a longo prazo, a saúde pública, e concretamente as prestacións sanitarias, representan un dos obxectivos esenciais para a consecución dun modelo sustentable, no que os aspectos de prestacións de servizos e capacidade e fórmulas de financiamento, sometidos a fortes condicionantes demográficos, teñen que, necesariamente, equilibrarse.

Finalmente, e dada a situación relativa da comunidade autónoma, as infraestruturas sociais e a súa accesibilidade, aínda precisados de un incremento das dotacións de equipamento, representan unha debilidade que hai que resolver, e débense contemplarse os riscos do desequilibrio demográfico que Galicia pode experimentar ao longo dos próximos anos.

### 2.3.1. OE 1.1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

Galicia encontrárase no 2020, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso de poboación, con graves repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e o propio contorno natural.

O desequilibrio demográfico é, posiblemente, o máis grande dos retos que Galicia terá que afrontar ao longo das dúas próximas décadas.

Galicia, que é a quinta comunidade autónoma de España en número de habitantes, conta con 2.796.089 habitantes, a finais do ano 2009. A súa densidade de poboación é de 94,5 hab./Km<sup>2</sup>, cunha distribución poboacional que aglomera a maior parte nas franxas costeiras comprendidas entre Ferrol e A Coruña no noroeste e entre Vilagarcía e Vigo no suroeste. A cidade máis poboada é Vigo, con 297.322 habitantes. A organiza-

ción tradicional da poboación é substancialmente diferente a do resto de España. Así, o territorio de cada concello estrutúrase en parroquias e estas, a súa vez, en lugares ou aldeas, o que dá lugar a unha alta taxa de dispersión demográfica que ocasiona altos custos no mantemento dos servizos básicos aos cidadáns.

A evolución da poboación galega creceu un 2,4% no período 1999-2009. Atendendo aos últimos anos, Galicia experimentou unha recuperación demográfica, deixando atrás o período regresivo dos anos oitenta, aínda que esta melloría está marcada polo contraste que se repite noutras dimensións socioeconómicas rexionais. Obsérvase o contraste da evolución demográfica entre as provincias do Eixo Atlántico, que presentan un crecemento positivo no dito período dun 3,2% na Coruña e dun 5,6% en Pontevedra. Esta situación invértese nas provincias do interior, Ourense e Lugo, con medias

negativas de -2,8% e -3,1%, respectivamente, onde destaca a decadencia sociodemográfica no medio rural.

A estrutura de poboación reproduce os contrastes territoriais. As zonas predominantemente urbanas, constituídas polas sete grandes cidades e as súas comarcas (Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra e Lugo) diferéncianse do resto das comarcas, que presentan un rumbo máis rural. Ambas as zonas teñen un peso demográfico case semellante, pero cunha evolución demográfica contrastada favorable ás primeiras.

Debido a dinámica natural regresiva, pódese deducir que a sorte demográfica da poboación galega depende cada vez máis de achegas migratorias exteriores. A entrada de poboación do exterior non deixou de crecer nos últimos anos, e repártense por igual os inmigrantes procedentes do resto de España e os procedentes do estranxeiro.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
➤ Plan de rexuvenecemento demográfico 2010-2013	<b>312B</b> (S. X. <i>Familia e Benestar</i> )
➤ IV Plan integral de apoio ás familias galegas 2008-2011	<b>312G</b> (S. X. <i>Familia e Benestar</i> )

## **PLAN DE REXUVENECIMENTO DEMOGRÁFICO 2010-2013**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Traballo e Benestar.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Este Plan busca a implicación de todo o Goberno Galego e a sociedade nun gran pacto pola recuperación demográfica de Galicia, a través de medidas de impulso aos nacementos e de conciliación, en concreto medidas de apoio efectivas que beneficien ás familias con fillo a cargo.

Neste sentido aplicaranse as seguintes medidas de conciliación da vida familiar e laboral:

- Ampliación da rede de escolas infantís.
- Reforzo das axudas económicas para compensación da redución de xornada de nais e pais.
- Fomento da flexibilización da xornada laboral.
- Medidas laborais para o fomento da natalidade.

O Obxectivo é que no 2013 Galicia cumpra as ratios de prazas infantís públicas recomendadas pola UE (33% de prazas públicas sobre o total) coa posta en marcha deste Plan.

Neste período crearanse 4.500 prazas públicas máis en escolas infantís, o que supón un incremento dun 50% respecto as prazas actuais.

## **IV PLAN INTEGRAL DE APOIO ÁS FAMILIAS GALEGAS 2008-2011**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral de Familia e Benestar.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Este plan ten por ámbito: a loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre homes e mulleres, loita contra as formas de violencia exercida contra as mulleres e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Polo que este Plan tamén está relacionado co Obxectivo Estratéxico 1.5: "Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais".

Os Obxectivos que persegue son os seguintes:

- **Corresponsabilización das administracións públicas e a sociedade civil:** este plan pretende tramar unha rede de colaboración entre os poderes públicos e a sociedade civil, que permita afrontar con maior garantía as políticas e programas en materia familiar.
- **Integración dos coñecementos científicos cos saberes sociais:** rigor científico é central para determinar a situación obxectiva da realidade social, pero só cando se integra coa activación pública e social de coñecemento útil é capaz de operativizarse nun plan que sexa unha resposta eficaz e eficiente.

- **Transversalidade da actuación pública:** Este plan asume un carácter transversal, impregnando a actuación de distintos departamentos dentro e fóra da Administración autonómica. Establece espazos de cooperación entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia. Estes espazos de colaboración fanse extensivos ademais cara a outras administracións e cara ás organizacións sociais.
  - **Articulación dos planos político, técnico e social:** Este plan concíbese como unha estratexia compartida entre os planos político, técnico e social, polo que habilita os espazos de diálogo que permitan chegar a un consenso entre eles. Todos os actores sociais implicados son os protagonistas da súa elaboración.
- O principal obxectivo que orienta a elaboración diríxese a trazar as liñas de acción, na mellora das políticas e na calidade dos servizos ás familias incorporando as seguintes claves:
- Adecuación das políticas ás necesidades prioritarias dirixidas ás familias.
  - Criterios de eficiencia e de organización coordinada entre os distintos departamentos, institucións e axentes sociais.
  - Implicación e corresponsabilidade de todas as institucións e axentes respecto do plan.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Impulsar o rexuvenecemento demográfico	Reestruturación da pirámide poboacional galega (Índice de Xuventude: poboación < 15 anos sobre poboación total; % de poboación 15-64 anos; e Tasa de Envexecimiento: poboación > 64 anos sobre poboación total). Índice de fecundidade (número de nacementos) (con especial atención ao índice de fecundidade no rural galego)
Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	Número de prazas en escolas infantís (incluído o número de prazas do cheque infantil). (Obxectivo: incrementar nun 50% as prazas, en concreto, 4.500 máis, no período 2010-2013) e alcanzar o 33% de prazas para os nenos de 0 a 3 anos Indicador operativo: número de escolas infantís creadas.
Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	Indicador operativo: número de traballadoras e traballadores que se acollen ao teletraballo Porcentaxe de incremento de traballadores con horario en conciliación

### 2.3.2. OE 1.2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

Unha poboación sa é a base da prosperidade. Consolidar o sistema sanitario, garantir a súa permanencia, mellorar a calidade das prestacións, e estender a rede de atención, achegándoa aos usuarios é a finalidade global dun sistema sanitario que lles dea resposta aos requirimentos de cohesión social. E a sanidade é unha das prestacións públicas de maior transcendencia para os cidadáns, pola incidencia no benestar, e pola cantidade de recursos empregados, ademais das actuacións ordinarias do Sergas, a política sanitaria debe contemplar as variacións da demanda de servizos sanitarios ocasionada polas tendencias demográficas de envellecemento da poboación e crecemento dos núcleos urbanos e intermedios, que obriga a unha continuada adaptación dos servizos e equipamentos sanitarios.

Unha asistencia sanitaria de calidade, cun sistema de financiamento sustentable que garanta a súa permanencia precisa da viabilidade financeira dos sistemas de protección social, nos que as ganancias en eficacia e produtividade resultado da mellora de procedementos e da incorporación de novas tecnoloxías deben ser acompañados dunha actitude ante a importancia do servizo, a repercusión social deste, e o seu custo. A sociedade europea, e a galega dentro desta, debe tomar consciencia e contribuír a avaliar que reformas de asistencia sanitaria e pensións son necesarias para satisfacer as necesidades dunha poboación en proceso de envellecemento ao mesmo tempo que garanta a continuidade da asistencia e financiamento público.

A Consellería de Sanidade é a responsable de garantir unha sanidade de calidade, co paciente como centro do sistema. Consideramos a sanidade un pilar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora de calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social. De aí o compromiso por garantir a súa sustentabilidade.

O sistema sanitario débelle dar resposta ás necesidades dos cidadáns, no menor tempo posible e no lugar máis próximo a eles. Para conseguir o mellor estado de saúde os servizos que presta comprenden dende a promoción da saúde e prevención da enfermidade ata o tratamento da enfermidade e rehabilitación, ou coidados paliativos; dende antes do nacemento ata o final da vida.

Os cambios na demografía experimentados nos últimos anos xunto coas modificacións dos estilos de vida e das formas de enfermarse, así como a presenza de novas enfermidades e o aumento da pluripatoloxía, requiren unha adaptación do funcionamento do sistema para proporcionar unha resposta óptima.

Neste sentido a xestión integrada, a xestión por procesos e a xestión clínica son ferramentas que contribúen a esta adaptación. A implantación e utilización das novas tecnoloxías permiten a prestación de novos servizos, e facilita a reorganización dos servizos sanitarios e dos métodos de traballo.

O principal obxectivo é centrar a organización no paciente e considerar os profesionais como principais protagonistas da calidade da prestación. A organización debe, polo tanto, darlle resposta ao recoñecemento

dos seus profesionais, asegurar a súa actualización e darlles oportunidades de desenvolvemento profesional. Pero sen esquecer que o lugar de traballo e no que se presta a atención, así como os medios dispoñibles teñen unha gran repercusión nos resultados obtidos. Por iso, é necesario modernizar as infraestruturas e a tecnoloxía, e aproveitar as vantaxes que nos proporcionan as tecnoloxías da información e comunicación.

A Administración ten a obriga de xestionar baixo os principios de eficiencia e eficacia e, neste momento, de grave crise económica

estamos especialmente obrigados a aplicalos desenvolvendo unha xestión rigorosa, austeria e eficiente. Requisito imprescindible para manter a viabilidade do sistema sanitario.

En resumo, debemos desenvolver un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter o cidadán no protagonista e receptor das políticas de saúde e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, en membros activos na consecución e mantemento dun sistema sanitario xestionado con calidade e utilizado con responsabilidade.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Programas de prevención, promoción e protección da saúde</li> <li>➤ Plan estratéxico do Servizo Galego de Saúde: Estratexia SERGAS 2014: a sanidade pública ao servizo do paciente:                     <ul style="list-style-type: none"> <li>Plan de modernización da estrutura organizativa: xestión integrada, xestión por procesos e xestión clínica</li> <li>Plan de prescrición de medicamentos xenéricos e do bo uso dos medicamentos</li> <li>Plan de TIC</li> <li>Plan de seguridade dos pacientes</li> <li>Plan de seguridade dos profesionais</li> <li>Plan de modernización das infraestruturas e da tecnoloxía</li> <li>Plan de I+D+i</li> <li>Plan de excelencia da formación sanitaria especializada</li> <li>Plan de eficiencia enerxética</li> <li>Plan de xestión de residuos sanitarios</li> <li>Plan de redución da incapacidade temporal</li> <li>Plan da mellora da produtividade e a eficiencia</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>411A</b> (S. X. Sanid., D. X. Saúde Pública; Sergas)</li> <li><b>412A</b> (Sergas)</li> <li><b>412B</b> (Sergas)</li> <li><b>413A</b> (S. X., D. X. Saúde Pública; Sergas)</li> <li><b>414A</b> (Sergas)</li> <li><b>561C</b> (Sergas)</li> </ul>

**PLAN ESTRATÉXICO DO  
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.  
ESTRATEGIA SERGAS 2014:  
A SANIDADE PÚBLICA AO  
SERVIZO DO PACIENTE:**

**ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Sanidade e o Sergas.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

O Plan Estratéxico do SERGAS establece o seguinte **Obxectivo Xeral**: “Definir os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuacións que debe acometer o Servizo Galego de Saúde nos vindeiros anos para acadar a transformación do seu sistema de saúde e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns, e que asegure a continuidade asistencial, a seguridade, a eficiencia e a implicación dos profesionais”.

Os **Principios** que rexen a Estratexia do SERGAS son os seguintes:

- **Orientación aos cidadáns, usuarios e pacientes:** o modelo sanitario debe reorientar a súa estratexia cara a xestión de enfermidades crónicas, a garantir os dereitos do paciente, a prestar unha asistencia segura e de calidade, a potenciar a súa participación no sistema e a incrementar a súa accesibilidade ao mesmo.
- **Orientación aos profesionais:** xa que constitúen o principal activo e deben implicarse e involucrarse no sistema, cunha política de persoal caracterizada pola estabilidade laboral, o desenvolve-

mento e a promoción profesional e un sistema de xestión por competencias baseado na formación, a avaliación e no recoñecemento profesional.

- **Impacto no desenvolvemento económico e social de Galicia:** co obxectivo de dinamizar a competitividade de Galicia, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social e a creación de riqueza e garantindo a sustentabilidade do sistema.
- **Apertura á nova ciencia:** o modelo sanitario galego está concienciado e implicado coa nova ciencia, a través da investigación, o desenvolvemento da xenómica, o desenvolvemento das TIC e o énfase na saúde, potenciando a prevención e a promoción da saúde.

**Obxectivos Estratéxicos:**

- **Saúde e demandas dos cidadáns:** Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos.
- **Calidade e seguridade:** Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.
- **Profesionais:** Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais.
- **Información:** Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.

- **Sector Sanitario como creador de valor:** Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con tódolos axentes implicados.
  - **Eficiencia:** Xestionar os recursos de forma responsable e eficiente.
  - **Infraestruturas:** Modernización das infraestruturas sanitarias.
- Compromisos:**
- ○ 50% das camas hospitalarias públicas serán de nova creación e o 50% restante serán melloradas.
  - Construción de 63 novos centros de saúde públicos, co que se pechará o mapa da sanidade pública galega.
  - Listas de espera cirúrxica: os pacientes máis graves non superen os 30 días de espera media cirúrxica; e os pacientes prioridade 2 non esperen máis de 60 días.
  - Listas de espera en consultas e probas diagnósticas: as patoloxías máis graves se diagnosticarán en menos de 30 días e ningún paciente esperará para realizar unha proba diagnóstica ou terapéutica máis de 15 días ante a sospeita dunha patoloxía de cancro.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Mellorar o nivel de saúde da poboación. Reducir as posibilidades de enfermarse: Programa de vacinación infantil Programa vacinación adulto	Cobertura dos programas > 98% >50%
Programas de promoción de estilos de vida saudable	Grado de redución da obesidade Grado de redución do tabaquismo Grado de redución do consumo inadecuado de alcohol Grado de redución do consumo de drogas Grado de consumo de alcohol por menores
Programas de cribado: Cancro de mama Cancro de colon Cribado xordeira neonatal Cribado metabolopatías	Participación > 75% Participación > 70% Participación > 95% Participación > 98%
Programas de protección e control	Número abrochos de toxoinfección alimentaria por produtos elaborados en Galicia Número alertas por produtos alimenticios galegos inseguros Número de abrochos relacionados con instalacións baixo control

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria:</p> <p>Redución tempos de espera: cirúrxicos, consulta e diagnóstico</p> <p>Receta electrónica</p> <p>Historia clínica electrónica</p>	<p>Tempo medio espera cirúrxica: prioridade I: &lt; 30 días</p> <p>Tempo medio espera cirúrxica: prioridade II: &lt; 60 días</p> <p>Tempo medio espera cirúrxica de consultas e probas de diagnóstico: &lt; 45 días</p> <p>Historia clínica e receita electrónica: &gt; 75%</p>
<p>Vías rápidas de diagnóstico e tratamento</p> <p>Procesos asistenciais integrados</p> <p>Áreas de xestión clínica</p>	<p>Estruturas organizativas de xestión integrada postas en funcionamento nas áreas sanitarias</p>
<p>Eficiencia:</p> <p>Boas prácticas de dispensación e prescrición e uso dos xenéricos</p> <p>Mellora da produtividade</p>	<p>Porcentaxe de prescrición de medicamentos xenéricos &gt; 20%</p> <p>Rendemento cirúrxico &gt;75%</p> <p>Utilización de quirófanos para intervencións programadas &gt; 60%</p> <p>Porcentaxe redución IT</p>
<p>Mellorar a eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental</p>	<p>Diminución do consumo enerxético &gt;15%</p> <p>Diminución da produción de residuos &gt; 15%</p>
<p>Modernización infraestruturas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Hospitais</li> <li>Centros de saúde</li> <li>Centros de alta resolución</li> <li>Tecnoloxía</li> </ul>	<p>Posta en funcionamento H. Lugo</p> <p>Construción H.Vigo</p> <p>Deseño e construción H. Pontevedra</p> <p>Plans directores: CHUAC, CHOU, CH Arquitecto Marcide, H. Salnés, H. da Costa</p> <p>Construción de 63 novos centros de saúde</p> <p>Construción de 3 centros de alta resolución</p> <p>Porcentaxe camas hospitalarias renovadas &gt; 50%</p>
<p>Plan I+D+i no ámbito sanitario</p> <p>Creación de cluster no ámbito da saúde</p> <p>Potenciar a investigación no ámbito sanitario</p>	<p>Existencia do Plan de I+D+i</p> <p>Existencia do clúster</p> <p>Acreditación institutos de investigación sanitaria</p>
<p>Planificación e ordenación dos RRHH do Servizo Galego de Saúde</p> <p>Mellorar a calidade da formación sanitaria especializada</p>	<p>Plan Ordenación de RR. HH.</p> <p>Número de actuacións formativas</p>
<p>Centrais de compras</p>	<p>Compras centralizadas de medicamentos e produtos sanitarios</p>

### 2.3.3 OE1.3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

Unha educación de calidade e en igualdade de oportunidades é un dos máis grandes factores de cohesión social, ao tempo que facilita, a título individual, o enriquecemento da propia personalidade e o desenvolvemento das aptitudes.

O futuro depende da mocidade e do seu benestar. Mellorar a calidade dos sistemas educativos é o comezo para resolver os problemas do elevado grao de desemprego xuvenil, o excesivo número de alumnos que abandonan prematuramente o sistema educativo, a inseguridade no emprego e as desigualdades salariais relativas que soportan os mozos.

A educación e os esforzos na formación de capital humano son fundamentais para garantir a participación no mercado laboral e a inclusión social, así como para aumentar a competitividade de Galicia, e representa unha primeira fórmula de solidariedade entre as xeracións, que terá a súa continuidade na formación continuada, o acceso ao mer-

cado de traballo, á vivenda, e ao financiamento de iniciativas empresariais.

Trátase a través deste obxectivo de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais, sendo máis adaptable ás necesidades reais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, e a produtividade e competitividade da economía. De modo particularmente relevante, a mobilidade de grupos específicos como investigadores, mozos, voluntarios, mozos emprendedores, as facilidades para circulación dos coñecementos, como é o recoñecemento das cualificacións profesionais e os intercambios na senda do programa ERASMUS, son achegas para a permanente mellora do sistema educativo, á que se xunta unha vontade real de conxugar a dignidade dos profesionais da docencia coas responsabilidades de alumnos, a reforma da formación profesional, a reestruturación cara a un ensino trilingüe, a integración das universidades galegas no espazo europeo de ensino superior –EEES– e a introdución das TIC en todos os niveis de ensino son metas a conseguir.

Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Plan de financiamento universitario</li> <li>➤ Plan de infraestruturas educativas científicas</li> <li>➤ Plan para normalizar o uso e o aproveitamento das TIC na comunidade educativa</li> <li>➤ Proxecto ABALAR</li> <li>➤ Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras</li> <li>➤ Plan de mellora na formación do profesorado</li> <li>➤ Plan de actuación para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida</li> <li>➤ Plan de dinamización social da lingua galega</li> <li>➤ Plan para a mellora do éxito escolar</li> <li>➤ Plan para promover a avaliación e a excelencia no sistema educativo de Galicia</li> <li>➤ Plan de formación e cualificación profesional</li> <li>➤ Programas de innovación educativa e cooperación con outras administracións</li> <li>➤ Plan para facilitar a participación da sociedade no sistema educativo</li> <li>➤ Plan Galicia saudable</li> <li>➤ Plans da Consellería de Cultura (nove)</li> </ul>	<p><i>151A</i> (S. X. Polt. Lingüística, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>421A</i> (S. X. Educación, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422A</i> (S. X. Educación, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422C</i> (S. X. Educación)</p> <p><i>422D</i> (S. X. Educación, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422E</i> (S. X. Educ., D. X. Educ., D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422G</i> (S. X. Educ., D. X. Educ., D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422H</i> (D. X. Educación, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>422I</i> (D. X. Educación, FP e Innov. Educ.)</p> <p><i>422K</i> (S. X. do Mar, D. X. Desenv. Pesqueiro)</p> <p><i>422M</i> (S. X. Educ., D. X. Educ., D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>423A</i> (S. X. Educ., D. X. Educ., D. X. C. e RR. HH., D. X. Innov. e Indust. Agrarias)</p> <p><i>423B</i> (D. X. Educación, D. X. Centros e RR. HH.)</p> <p><i>431A</i> (S. X. Educación)</p> <p><i>432A</i> (D. X. Patrim. Cult., D. X. Promoc. e Difus. Cult.)</p> <p><i>432B</i> (D. X. Patrim. Cult., Axencia Gal. Indust. Cult.)</p> <p><i>433A</i> (D. X. Patrim. Cult., D. X. Promoc. e Difus. Cult.)</p> <p><i>441A</i> (S. X. para o Deporte)</p> <p><i>571A</i> (S. X. Educación Ed. E OU)</p>

## **PLAN DE MELLORA FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral de Universidades.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Suplementar o Plan de financiamento do SUG vixente, co obxectivo de compensar o decrecemento do fondo de financiamento incondicionado que leva consigo a aplicación deste.

Mellora do financiamento universitario baseada en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e avaliación de resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia. Desenvolvemento, no exercicio 2009-2010, dos seguintes contratos-programa:

- a) Apoio á implantación do recoñecemento da función docente na conformación do cadro de persoal teórico das universidades.
- b) Apoio ao desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.
- c) Implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.

Lograr que a investigación, calidade na docencia, xestión e articulación do SUG se convertan en funcións estruturais, e como tales, parte esencial do seu financiamento. Isto traducirase na consolidación no Plan de

financiamento das universidades, de contratos-programa que establezan obxectivos estratéxicos de investigación, docencia, xestión e articulación do SUG para o financiamento universitario.

## **PLAN DE CREACIÓN DE INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS CIENTÍFICAS**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral de Universidades.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

Galicia dispón dunha importante cantidade de investigadores e recursos científicos altamente competitivos no campo das ciencias mariñas. O desenvolvemento de diversos centros docentes e de investigación en Galicia propiciou a existencia actual dun importante capital humano e técnico, cunha situación altamente competitiva no que se refire a investigación mariña, conxugando intereses públicos e privados e xerando unha relación moi produtiva entre a investigación e o desenvolvemento. No deseño do novo mapa de centros e infraestruturas científicas en Galicia propónse desenvolver nos sete campus infraestruturas que integren as capacidades estratéxicas da investigación universitaria.

Diferentes instalacións integraranse nos terreos da antiga ETEA: o Centro Atlántico de Investigacións Mariñas, a Unidade Tecno-

lóxica Oceanográfica, o Centro de Innovación Tecnolóxica, a Unidade Técnica de Innovación na Xestión de Residuos Mariños e o Centro de Estudos de Socioeconomía Pesqueira.

**FINALIDADE:**

- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles en Galicia.
- Potenciar as áreas de alta competencia investigadora de Galicia.
- Optimizar un investimento racional en grandes infraestruturas e equipamentos.

**PLAN PARA NORMALIZAR O USO E O APROVEITAMENTO DAS TIC NA COMUNIDADE EDUCATIVA**

**ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Lograr que os alumnos fagan un uso axeitado das TIC na aula e que se aproveite a pontencialidade de Internet e dos contidos educativos existentes para mellorar as súas competencias.

Formación do profesorado e alumnado para utilizar as TIC como ferramenta ou axente facilitador do proceso educativo.

Elaboración de contidos para a aula, e pensar nunha atención especial para os alum-

nos con necesidades específicas e de atención á diversidade.

Obter un óptimo rendemento dos recursos achegados aos centros para que sirvan de potenciadores da mellora do rendemento do alumnado e, polo tanto, da calidade do sistema educativo.

**PROXECTO ABALAR**

**ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

ABALAR é o proxecto que sustancia a estratexia para a **integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia**, como unha das áreas prioritarias de intervención do Executivo galego.

ABALAR **inclúe e integra a todas as iniciativas no ámbito educativo**, dunha maneira organizada, eficiente e lóxica, aproveitando ademais os recursos que a Administración Xeral do Estado propón ás comunidades autónomas no marco do proxecto "Escola 2.0".

O proxecto ABALAR persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de **mellorar a súa eficiencia** nun proceso de modernización.

O proxecto busca maximizar o aproveitamento dos recursos, coordinar e impulsar un cambio no modelo educativo apoiado na formación do profesorado e a modernización do ensino que suporá a conversión

dos colexios e institutos galegos en **centros educativos dixitais** (CED).

A estratexia do proxecto ABALAR xira ao redor do concepto de centro educativo dixital (CED). O **centro educativo dixital** supera o concepto de centro educativo tradicional e dispón de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos arrombados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

O proxecto ABALAR levará a cabo un proceso de cambio no que converxerán de forma coordinada e aliñada os seguintes eixos sobre os que se desenvolve o proxecto:

#### **EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS:**

O proxecto garantirá a **dotación e o mantemento da infraestrutura TIC** en todos os centros, facilitando a conversión dos centros educativos tradicionais en Centros Educativos Dixitais (CED).

- **Equipamento:** proxectores, taboleiros dixitais, ultraportátiles de alumnos e profesores, mobles con bandexas para a recarga. ...
- **Infraestruturas:** CPD, cableado e canalizacións, condicionamento de aulas, instalación eléctrica. ...
- **Conexión:** á rede de Educación e a internet.

#### **CONTIDOS EDUCATIVOS:**

Como elemento fundamental do novo modelo educativo que expón o Proxecto ABALAR, dotarase o profesorado, así como o resto da comunidade educativa de **contidos e recursos educativos dixitais**.

- Facilitando o desenvolvemento de **novos modelos pedagóxicos** e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación.
- Aproveitando as **mellores prácticas** desenvolvidas nos centros máis avanzados, pondo en valor todo o traballo e coñecemento do profesorado galego.
- Fomentando o **espírito colaborativo e participativo** dos docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios.
- Poñendo en marcha un **repositorio de información** que se alimentará con contidos internos e externos á Xunta de Galicia, tanto públicos como privados e totalmente integrados no espazo ABALAR.

#### **FOMENTO DA CULTURA DIXITAL:**

O proxecto ABALAR busca a adopción e integración cultural do TIC en todos os ámbitos do proceso educativo.

- Nos **docentes**, deseñando un plan de formación específico para a súa habilitación no uso das TIC na práctica docente, e proporcionándolles recursos educativos dixitais para empregar nas distintas materias.

- Nas **familias**, difundindo as novas canles e soportes audiovisuais de comunicación, favorecendo o acceso aos servizos que proporciona a e-Administración.

Todo o proceso está orientado a apoiar a xestión do cambio de modelo de centro educativo tradicional ao novo centro educativo dixital, fomentando o tránsito:

- Dá aula de informática a informática na aula.
- Dous actuais libros de texto aos libros dixitais.
- Dá aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaboradora, á investigación e á aprendizaxe activa e interactiva.
- Do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar.

De esta forma todos os alumnos, ao completar a súa formación, deberán dispor de competencia dixital.

#### **INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN.**

O proxecto ABALAR disporá dun portal propio, “espazoABALAR”, que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade:

- Achegando a educación aos cidadáns e involucrando ás familias na educación dos fillos.

- Promovendo o desenvolvemento das TIC no ámbito educativo, convidando á participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

- Fomentando a participación colaborativa dos centros e da comunidade docente, incorporando como peza fundamental o Repositorio de Contidos Educativos de Galicia.

○ espazo ABALAR proporcionará:

#### **Ás familias:**

- Información directa do absentismo e seguimento académico dos fillos.
- Comunicación directa e multicanal cos profesores e titores.
- Xestión telemática de todos os trámites relacionados coa educación.

#### **Aos alumnos:**

- Teleasistencia aos alumnos con baixas de longa duración, desde a súa casa ou mesmo desde o hospital.
- Facilidades no seguimento da actividade escolar a alumnos discapacitados.
- Ferramentas e mecanismos para o acceso aos materiais, e recursos para a actividade escolar no centro educativo dixital.

#### **Aos profesores:**

- Facilitará información sobre as características e servizos que ofrecen os centros docentes.
- Facilitará novas canles de comunicación entre pais, profesores, dirección e alumnos.

- Integrará as ferramentas e servizos de apoio á actividade docente: Aulas virtuais, sistemas de videoconferencia, repositorios de contidos educativos.

#### Ás AMPAS:

- Porá a disposición de cada unha das AMPAS dos centros educativos un portal onde desenvolver e dar a coñecer as súas actividades.
- Será un contorno colaborativo que proporcionará ferramentas e servizos para o desenvolvemento das súas actividades: Xestión documental, difusión de noticias e notificacións, xestión de comunidades de pais, ferramentas de apoio á xestión de actividades e foros e espazos de traballo.

### **PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS**

#### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

O Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras forma parte da estratexia do Goberno galego para garantir unha educación de calidade. Este proxecto dá resposta aos 'Obxectivos de Lisboa' en materia de aprendizaxe de linguas, establecidos pola Unión Europea, e recolle a estratexia neste eido ata o ano académico 2012/2013, permitindo que máis de 40.000 alumnas e alumnos galegos de Primaria e da ESO melloren no curso 2012/ 2013 as súas competencias lingüísticas.

O alumnado adquirirá as competencias lingüísticas necesarias nos 160 primeiros centros plurilingües que se van crear, e nas 1.800 seccións bilingües con que contarán os centros educativos de Galicia de aquí ao ano 2013, co que se incrementará nun 150% as que existían ao inicio da lexislatura. Así, o 20% da poboación escolar de Primaria e da ESO que estuden no 2012/2013 en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia terá cursado ensinanzas nas seccións bilingües e centros plurilingües.

Por outra banda, no período 2009/2013 posibilitarase a formación de arredor de 6.600 profesionais dos distintos eidos laborais noutros idiomas para desenvolveren con éxito o seu traballo.

Así mesmo, a Consellería de Educación demostra o seu apoio ao profesorado, permitindo o acceso a cursos ata a 13.000 docentes, nun itinerario formativo para desenvolveren as súas clases en linguas estranxeiras.

No período 2009/2013 invertirase neste Plan Por iso, e malia a crise máis de 51,5 millóns de euros.

Os investimentos máis fortes irán dirixidos á creación de centros plurilingües e á mellora da formación do profesorado e do alumnado en ámbitos lingüísticos, así como á mellora das escolas oficiais de idiomas.

## PLAN PARA A MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR

### ÓRGANO XESTOR:

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

### CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O obxectivo deste plan é potenciar a mellora do rendemento escolar do alumnado en dúas vertentes:

- a) Potenciar a excelencia
- b) Incidir no máis desfavorecido por diferentes tipos de necesidades: sociais, económicas, familiares, incorporación tardía, de atraso educativo etc.

### CONTIDO

- a) Plan de mellora da calidade nos centros educativos: no que, partindo dos resultados de avaliacións internas e externas realizadas nestes, afronten a potenciación de proxectos concretos de innovación, investigación e introdución na aula de metodoloxías e materiais innovadores así como elaboración de programacións e materiais didácticos destinados á mellora do rendemento do alumnado. Incidirase nos aspectos positivos do plan de mellora das materias instrumentais que se ven realizando.
- b) Plan de reforzo, orientación e apoio (PROA) nas dúas modalidades: acompañamento e de reforzo e apoio.
  - Acompañamento. Dirixido á atención directa do alumnado de terceiro ciclo de primaria e primeiros anos de se-

cundaria obrigatoria, a través de reforzo, fóra de horario escolar, en grupos reducidos, traballando técnicas de estudo, motivación e xestión do tempo.

- Reforzo e apoio. Atención á mellora da calidade de ensino e aprendizaxe, a través de actuacións cos distintos compoñentes da comunidade educativa: centro, familia, alumnado e contorno.
- c) Plan MORA de apoio económico aos centros educativos, para que dentro da súa autonomía, leven a cabo actuacións que incidan na mellora da calidade educativa.
- d) Plan de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas derivadas de trastornos de conduta. Mellora das prestacións dos centros actuais e creacións doutros que cubran a xeografía de Galicia.
- e) Organización de aulas de apoio á aprendizaxe en centros educativos.
- f) Plan de apoio a alumnado inmigrante en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración.

Estes programas pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo contribuirase á prevención do abandono escolar temperá, a mellora da calidade do ensino e ao aumento do éxito escolar.

## **PLAN PARA PROMOVER A AVALIACIÓN E A EXCELENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Analizar a situación do sistema educativo en Galicia. Obter resultados de plans de avaliación galegas, nacionais e internacionais.

Avaliar centros educativos: organización e procesos de ensinanza aprendizaxe.

Avaliar o profesorado: desenvolvemento da actividade docente.

Avaliación da función directiva e dos órganos de coordinación docente.

Avaliación dos resultados académicos dos alumnos.

Coñecer a situación do sistema educativo galego de xeito que posibilite analizar os progresos e a adopción de medidas correctoras se é o caso.

Dispoñer de información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.

## **PLAN DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Elevar o nivel de cualificación da poboación en idade escolar e laboral co fin de mellorar a súa empregabilidade e a competitividade das empresas que conforman o tecido produtivo galego.

- a) Implantación con carácter xeneralizado dos programas de cualificación profesional inicial (PCPI), o cal permitirá que todo o alumnado que non acade á titulación de graduado en ESO poida saír do sistema educativo cunha cualificación profesional relacionada no Catálogo nacional de cualificacións profesionais.
- b) Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao medio e grao superior para realizar unha oferta formativa actualizada ao que precisan as empresas para mellorar a súa produtividade, e en consecuencia, a mellora da empregabilidade dos traballadores.
- c) Implantación dos ciclos formativos en réxime ordinario e de persoas adultas, mediante a oferta modular e potenciación da formación profesional a distancia a través da Plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación.
- d) Establecemento dun sistema de avaliación, recoñecemento e certificación das

competencias adquiridas ao longo da vida, conxuntamente coa Administración Laboral, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara á inserción laboral e á súa formación ao longo da vida. A xestión do procedemento será única, recaendo na Consellería de Traballo e Benestar:

- e) Elaboración dun portal de orientación profesional, que permita coñecer as oportunidades de formación e emprego, que contribúa decididamente a que as persoas demandantes dos servizos de formación poidan construír o itinerario formativo máis acorde cos seus intereses.
- f) Potenciación e ampliación da rede de centros integrados de formación profesional, de xeito conxunto coa Administración Laboral, que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional inicial, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- g) Actualización e dotación de medios e equipamentos didácticos na formación profesional, fundamental para acadar os obxectivos que se perseguen, logo da avaliación e inventario das actuais instalacións co fin de adecualas ás novas necesidades didáctico-profesionais, de prevención de riscos profesionais e de respecto ao medio.
- h) Potenciación das accións para a mellora continua estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional será sen dúbida unha liña de actuación prioritaria para acadar os obxectivos do plan.

- i) Darlles a coñecer ao alumnado, pais e nais, traballadores, empresarios e á sociedade en xeral as posibilidades de formación e cualificación que se ofertan dende o sistema de formación profesional no eido educativo, coa finalidade de incrementar a poboación cualificada nos niveis e especialidades que demandan as empresas.

Conseguir que todo alumnado acade unha titulación oficial ou unha acreditación de cualificación profesional que lle permita inserirse laboralmente ou proseguir estudos.

Proporcionar unha oferta formativa nos distintos niveis de cualificación adaptada ás necesidades do sectores produtivos, e ás necesidades da poboación mediante as distintas modalidades formativas.

Potenciar a rede de centros que imparten formación profesional, en especial os centros integrados, dotándoos dos equipamentos necesarios para desenvolver o seu labor formativo e de orientación, a través dunha orientación profesional eficaz e nun marco de calidade e mellora continua.

### **PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E COOPERACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

#### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Deseñar e impulsar programas de innovación educativa e de cooperación con outras

administracións nos que participan os centros educativos, coa finalidade de incrementar as competencias dos alumnos en contidos transversais co apoio de programas doutras administracións e institucións.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con estes programas pretende, entre outros, a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Co desenvolvemento das accións previstas contribuirase aos requisitos para a formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, á convivencia, á cohesión social, á cooperación e solidariedade entre os pobos, á adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e ao medio, en particular ao valor dos espazos forestais e do desenvolvemento sustentable, así como a formación no respecto da interculturalidade como elemento enriquecedor da sociedade.

Para o logro destes fins a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolverá accións de colaboración co Parlamento de Galicia, coas secretarías xerais de Igualdade, Emigración e Deporte, coas consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Cultura e Turismo, Mar, Tráballo e Benestar, entre outros.

Actualizar os diferentes programas e protocolos de colaboración que a consellería vén

desenvolvendo en colaboración con outras administracións e institucións promovendo a implicación doutros para o logro dos fins previstos, coidando de que o desenvolvemento destes non mingüe as actividades de ensinanza-aprendizaxe que se debe realizar na aula.

### **PLAN PARA FACILITAR A PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE NO SISTEMA EDUCATIVO**

#### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

#### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Promover programas para a participación da sociedade civil no sistema educativo coa implicación dos concellos e das familias.

Apertura das bibliotecas dos centros educativos á sociedade co apoio dos concellos.

Uso das instalacións deportivas dos centros educativos para potenciar o deporte escolar.

Participación das familias nalgunhas actividades extraescolares.

O desenvolvemento dos programas pretenden a interrelación dos centros educativos co seu contorno.

## **PLAN GALICIA SAUDABLE**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral para o Deporte.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Con este plan perséguese fomentar a actividade física dos galegos e loitar contra o sedentarismo, xa que a penas un 33 por cento de galegos que recoñece facer deporte de xeito habitual e a taxa de obesidade infantil está nunha porcentaxe similar.

## **PLANS DA CONSELLERÍA DE CULTURA (NOVE)**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

#### **PLAN PARA O INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL.**

- a) Sistemática de traballos de campo e de gabinete co obxecto de normalizar as fichas de rexistro dos bens, facelos accesibles ao público e ás diferentes administración en diferentes niveis e promover o seu estudo e coñecemento.
- b) Informatización e bases de datos gráficas.
- c) Estudos sectoriais e tipolóxicos sobre o patrimonio, así como as súas correspondentes propostas de delimitación.

#### **PLAN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.**

Os vestixios de natureza arqueolóxica no noso territorio amosan a importancia de Galicia ao longo da historia, e, como unha

sociedade avanzada, debemos realizar as actuacións necesarias para investigar sobre el e promover a súa conservación. Deste xeito e tras a súa recuperación promoverase o seu coñecemento mediante o impulso de visitas e actividades.

#### **PLAN DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO.**

A riqueza do patrimonio eclesiástico galego, do patrimonio civil, castelos, fortalezas e outras grandes obras obrigan a realizar un especial esforzo investidor. Durante o ano 2010 as actuacións máis salientables centraranse na intervención sobre os bens patrimonio da humanidade, o patrimonio eclesiástico de acceso público, as fortificacións de calquera época, as pontes históricas e o patrimonio etnográfico antropolóxico, industrial e o movemento moderno, patrimonio do século XX.

#### **PLAN DE RECUPERACIÓN DE PINTURAS MURAI E DE RETABLOS.**

As pinturas murais e retablos constitúen un dos elementos mobles máis importantes do noso patrimonio. Este plan require un esforzo moi importante, tanto pola especialización técnica requirida para a súa recuperación e restauración como polas propias condicións climáticas de Galicia. No ano 2010 desenvolveranse de xeito complementario algunhas accións sobre órganos históricos, aínda de maior complexidade e especificidade técnica.

#### **PLAN DE DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.**

No ano 2010, unha vez rematados os traballos previos para a delimitación dos camiños

de Santiago e concluído o procedemento de delimitación previsto na normativa reguladora, cómpre desenvolver o plan especial de protección e promoción dos camiños de Santiago.

Os camiños de Santiago constitúen unha das razóns do coñecemento de Galicia, tanto no resto do Estado coma no exterior. Ademais do seu valor histórico, representa un dos puntais da dinamización de Galicia dende a perspectiva do patrimonio cultural.

Respecto do contido do plan especial de protección e promoción dos camiños de Santiago o seu obxectivo é a preservación e conservación das rutas xacobeas e o patrimonio a elas asociado de xeito similar a un plan director:

#### **PLAN DE RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.**

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Recuperación e potencialización dos camiños como principal recurso cultural, turístico e de promoción do Xacobeo.
2. Restauración e acondicionamento de espazos públicos do contorno dos Camiños como espazos de relación que fomenten o intercambio cultural.
3. Conservar a paisaxe dos Camiños como recurso patrimonial e turístico que axude ao equilibrio territorial.
4. Fomentar a rehabilitación do patrimonio etnográfico vinculado aos Camiños de Santiago.

#### **PLAN DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.**

O Plan de recuperación do patrimonio arqueolóxico pretende impulsar as accións contempladas dentro da rede galega de patrimonio arqueolóxico: parque da arte rupestre en Campolameiro, parque da cultura castrexa en San Cibrán de Las, parque arqueolóxico do mundo galaico-romano en Lugo, parque do megalitismo da terra de Soneira-Costa da Morte. Complementariamente, centros de interpretación locais ou dependentes, especializados en bens concretos ou ámbitos máis delimitados.

#### **PLAN DE ARQUIVOS.**

Á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural correspóndenlle as competencias en materia de arquivos. No desenvolvemento das competencias que ten atribuídas, establécese a obriga da coordinación do sistema de arquivos de Galicia e a mellora de infraestruturas e equipamentos destes centros.

#### **PLAN DE MUSEOS E COLECCIÓNES.**

Unha das formas máis importantes de manifestación cultural e de preservación e promoción da identidade propia dun pobo está na estrutura museística. Por este motivo, o sistema de museos debe ser establecido e coordinado dun xeito especialmente sensible e operativo, de acordo coas competencias que a Consellería de Cultura ten atribuídas na materia. Para iso, e mediante este plan, establécense as prioridades de infraestruturas e equipamentos destes centros, con actuacións no novo museo galego do viño (Ribadavia) e no museo Massó de Bueu, entre outros.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Potenciar o desenvolvemento da oferta de cursos virtuais nas universidades galegas para egresados e profesionais	Número de cursos virtuais de formación continua ofertados polas universidades galegas e os centros asociados galegos da UNED: (Obxectivo 30 cursos/período 2010-2014) Número de materias/productos ofertados polas universidades en formatos virtuais. (Obxectivo 15 anuais)
Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida	Número de persoas adultas que participan en actividades de formación profesional ocupacional e continua Número de persoas adultas que participan en actividades de formación regrada e non regrada
Potenciar nos centros de ensino o desenvolvemento de plans de autoavaliación e mellora da calidade educativa	Número de centros con plans de autoavaliación e mellora Número de profesorado implicado nos plans de autoavaliación e mellora
Potenciar o recoñecemento público do esforzo, a superación e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios	Número de premios concedidos Número de alumnado que opta aos premios
Impulsar a colaboración interuniversitaria para a oferta de cursos de grao e posgrao compartidos con módulos virtuais	Tanto por cento de estudantes usuarios en relación co total de estudantes matriculados. (Obxectivo 30% /período 2010-2014)
Accións para a mellora da calidade da docencia universitaria, da empregabilidade do alumnado e da satisfacción dos egresados e empregadores	Número de tramos de investigación recoñecidos aos profesores do Sistema Universitario Galego: 500/ano. Tempo medio para obter un posto de traballo ao rematar os estudos universitarios (Obxectivo: 6 meses no 2014)
Integración das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo	Número de alumnos en aulas dixitais Número de profesores que imparten docencia en aulas dixitais Número de centros con aulas dixitais (Obxectivo: >1000 no 2013) Número de aulas dixitais
Impulso do dominio de idiomas estranxeiros no alumnado e no profesorado	Incremento de seccións bilingües en centros plurilingües. 5% anual Número alumnos participantes en programas de formación lingüística en contornos de convivencia en lingua estranxeira: 3.500 alumnos participantes/ano Número de certificacións de alumnado e profesorado, referenciadas ao MCERL: 500 certificacións totais/ano
Flexibilización da oferta formativa de formación profesional para responder as necesidades das persoas e das empresas de Galicia	Número alumnos que cursan un PCPI Número de alumnos que cursan ciclos formativos de grao medio e de grao superior Número de módulos profesionais en oferta presencial e a distancia

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos	Taxa de abandono escolar global: diminución do 2% anual de homes e mulleres de 18-24 anos que non completaron a segunda etapa do ensino secundario e non segue ningún tipo de educación ou formación Número de alumnos que obteñen o título de graduado en ESO aos 16 anos: incremento do 1% anual
Mellora da estrutura de formación permanente do profesorado potenciando a formación a distancia e a formación nos propios centros	Número de profesorado que completa cursos de formación Número de profesorado que participa en actividades de formación nos propios centros Número de profesorado que realiza cursos de formación a distancia
Promoción de procesos de avaliación nos centros e servizos educativos para a mellora da xestión e dos resultados educativos	Número de avaliacións realizadas Número de centros implicados en procesos de avaliación Número de alumnos que participan nos procesos Número de profesores implicados nos procesos Número de unidades dos servizos educativos implicados
Promover o aumento da competencia lingüística e dinamizar os usos da lingua galega na sociedade	Número de actividades de formación e de dinamización social do galego programadas mín. de 1.300 actuacións anuais Poboación asistente á programación de dinamización da lingua galega: participantes directos. Mín. 100.000 asistentes anuais Número de alumnos matriculados nas actividades formativas da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Mín. 5.800 matriculados anualmente Número de alumnos que superaron as probas de certificación da lingua galega. Mín. 2.100 certificados anualmente
Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior; reformulando o financiamento universitario en función de obxectivos e resultados, e potenciando a misión das universidades galegas	Volumen total de financiamento do Sistema Universitario de Galicia Taxa media de graduación: 5 anos. Porcentaxe de egresados: 85% Volumen de captación de recursos externos alleos ás administracións: 10% do presuposto/ano
Mellorar as instalacións e o equipamento nos centros educativos da comunidade autónoma	Número de alumnos beneficiados: 13.500 anuais Número de centros beneficiados: 225 anuais
Promoción da formación a distancia do profesorado e alumnado de Galicia en todo o sistema educativo	Número de alumnos que participan en cursos a distancia (por niveis educativos):

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Mellora da profesionalización turística coa consolidación do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG)	Grao de autofinanciamento do centro Porcentaxe de colocación de alumnos no mercado laboral Índice de satisfacción do alumnado Número de docentes formados anualmente – índice de satisfacción dos docentes
Plan de restauración e posta en valor dos camiños de Santiago; acondicionamento de espazos públicos do contorno dos camiños, conservación da paisaxe e rehabilitación do patrimonio etnográfico vinculado aos camiños	Número de proxectos contratados de restauración de espazos públicos dos camiños de Santiago Número de axudas a particulares para a restauración do patrimonio etnográfico dos camiños de Santiago
Accións de colaboración con entidades públicas e privadas para a realización de actividades culturais e para a execución de obras e melloras nos edificios ou locais dedicados a estas	Número de obras, equipamentos e melloras realizadas Número de axudas concedidas (mediante orde) ou de convenios asinados Porcentaxe de execución do orzamento dedicado a estas obras e equipamentos Poboación beneficiaria Número de actuacións e programacións culturais desenvolvidas Grao de satisfacción da poboación beneficiaria da programación cultural
Actuacións de promoción da lectura e do libro galego, dentro e fóra da nosa comunidade. Apoiar a edición e a tradución das obras galegas	Número de axudas concedidas para a promoción da lectura ou de convenios asinados Número de actuacións realizadas na nosa comunidade Número de feiras do libro realizadas na nosa comunidade Número de feiras internacionais celebradas con presenza do libro galego Número de axudas concedidas para a promoción do libro galego Número de axudas concedidas para a creación literaria en lingua galega ou á tradución
Centralización a través da biblioteca dixital de Galicia dun proxecto transversal de difusión cultural, integración de institucións, apoio á edición electrónica das empresas culturais en Galicia (libro, prensa, música, vídeo) e de utilización didáctica e cultural dos recursos	Número de documentos introducidos /ano Número de institucións integradas ou con acordos/ano Número de visitas ás páxinas dixitais Número de alumnos ou profesores que utilizan os recursos didácticos da biblioteca dixital

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Mellora, impulso e promoción das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia a través do Plan de desenvolvemento das coleccións, do Plan de fomento da lectura, do Plan de automatización 2.0</p>	<p>Número de documentos adquiridos e distribuídos                      Número de documentos expurgados                      Número de actividades de fomento da lectura realizadas                      Número de usuarios que participan en actividades de animación                      Porcentaxe de incremento do número de préstamos                      Porcentaxe de incremento do número de usuarios                      Rexistros de exemplares automatizados                      Rexistros bibliográficos automatizadas                      Rexistros de usuarios automatizados</p>
<p>Desenvolvemento da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico e desenvolver os sistemas de arquivos e museos de Galicia para potenciar a xestión do patrimonio documental e moble desde unha óptica global</p>	<p>Número de centros de interpretación ou información abertos ao público                      Número de intervencións realizadas nos xacementos arqueolóxicos de Galicia                      Número de actividades de divulgación do patrimonio arqueolóxico                      Número de normas lexislativas e técnicas aprobadas en materia de arquivos e museos                      Número de arquivos e museos con sedes novas ou melloradas                      Porcentaxe de arquivos e museos integrados nas redes dixitais do patrimonio documental e moble</p>
<p>Mellora do inventario xeral de patrimonio cultural de Galicia, en canto ao contido, accesibilidade, difusión e réxime de protección dos bens incluídos neste</p>	<p>Número de bens introducidos na aplicación informática do inventario                      Número de expedientes tramitados para a declaración de bens de interese cultural e número de bens declarados                      Número expedientes tramitados como consecuencia de solicitudes de inclusión noutras categorías do inventario e número de bens inventariados                      Número de informes sectoriais relativos aos catálogos dos PXOM (a partir dos cales se insiren automaticamente no inventario de patrimonio cultural)                      Número de tramos dos camiños de Santiago delimitados                      Número de accións de vixilancia e inspección atendidas para protexer o patrimonio</p>

### 2.3.4. OE 1.4. Atención ao benestar social

Este Obxectivo Estratéxico persegue, principalmente, conseguir a satisfacción das necesidades das persoas con dependencia ou con discapacidade, e da xuventude.

A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que pode causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía personal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida y adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Isto require dunha mellora tanto cuantitativa como cualitativa na atención ás persoas en situación de dependencia.

Ademais, dentro da atención global ás persoas en situación de dependencia é necesario desenvolver programas adaptados ás necesidades dos cuidadores, cunha orientación psicoterapéutica, nos que se proporcionen estratexias eficaces para o manexo do estrés que supón a situación do coidado. Desta maneira se poderá contribuir á mellora do estado emocional dos cuidadores, e por ende, ao das persoas que coidan.

Tamén é necesario impulsar o cambio dos sistemas de atención tradicionais polo emprego das novas tecnoloxías e os servizos de proximidade que posibiliten un sistema sustentable e a permanencia das persoas durante un maior tempo posible no seu entorno habitual.

En canto as persoas maiores (máis de 65 anos), que supoñen en Galicia o 22% do total da poboación, a atención das súas necesidades e demandas debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e calidade de vida non só das persoas maiores senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva.

Por último, en canto a Xuventude os obxectivos dos poderes públicos neste eido deben ser mellorar o acceso á sociedade de todos as mozas e mozos e a súa plena participación nela mediante políticas transversais.

E tamén debe incrementarse a orientación e o asesoramento especializado mediante a creación dunha rede territorial de servizos a xuventude que preste especial atención a aquelas problemáticas xuvenís que máis afecten á nosa mocidade.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Plan de actuación social 2010-2013</li> <li>➤ Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010 – 2013</li> <li>➤ Plan galego das persoas maiores 2010-2013</li> <li>➤ Plan de menores</li> <li>➤ Plan de autonomía persoal</li> <li>➤ Mapa de Infraestruturas Sociais</li> <li>➤ Plan estratéxico de Xuventude 2010-2013</li> </ul>	<p><b>312B</b> (S. X. Familia e Benestar)</p> <p><b>312D</b> (S. X. Familia e Benestar, D. X. Dependencia)</p> <p><b>312E</b> (S. X. Familia e Benestar, D. X. Dependencia)</p> <p><b>313A</b> (D. X. de Xuventude e Voluntariado)</p>

### PLAN DE ACTUACIÓN SOCIAL 2010-2013

#### ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

#### CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de Actuación Social Galicia 2010-2013 Horizonte 2015 será a guía da Xunta de Galicia en materia social para os próximos anos, e actuará nos seguintes ámbitos: Infancia e Adolescencia, Familia, Xuventude, atención a Persoas con Dependencia, Promoción da Autonomía persoal, Colectivos en risco de exclusión e Voluntariado.

Este Plan pretende:

- Coordinar e planificar no tempo o desenvolvemento dos Servicios Sociais de Galicia.
- Diseñar un ambicioso Mapa de Infraestruturas Sociais.
- Promover a creación dun novo catálogo de servizos.

- E presenta os seguintes Eixes Prioritarios en materia social:

- Impulso demográfico de Galicia, que será abordado a través do **Plan para o Impulso Demográfico.**
- Aposta pola Xuventude, a través do **Plan Estratéxico de Xuventude 2010-2013.**
- Consolidación dos Servizos Sociais e de Benestar, a través da elaboración dun **Mapa de Infraestruturas Sociais.**
- **Plan Sociolaboral.**
- **Plan Galego das Persoas Maiores.**

O Plan de actuación social suporá un investimento total no período 2010-2013 de 1.911,35 millóns de euros e no horizonte 2015 de 2.901,75 millóns de euros a creación de 10.000 novos empregos directos cada ano no eido social e 4.900 insercións laborais.

E suporá un incremento do 50% nas prazas públicas de centros de día, residencias e escolas infantís.

## **PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA 2010 – 2013**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Traballo e Benestar.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Este plan é un documento de carácter estratéxico e transversal que persegue a finalidade última de conseguir a igualdade real das persoas con discapacidade con respecto ao resto da cidadanía, garantindo os dereitos básicos das persoas con discapacidade, a accesibilidade, a promoción da autonomía persoal, a educación, o emprego, a atención sociosanitaria, a igualdade de xénero e o ocio.

Neste plan recóllense as respostas ás necesidades actuais e planifícanse as actuacións dos próximos anos.

## **PLAN GALEGO DAS PERSOAS MAIORES 2010-2013**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Traballo e Benestar.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Este Plan intégrase no Plan de Actuación Social 2010-2013 e persegue elevar os valores do envellecemento ao centro das políticas da Xunta.

Este Plan ten por destinatarios principalmente:

- As Persoas Maiores, e as súas características específicas en termos de ni-

veis de autonomía persoal así como en termos sociodemográficos e socioeconómicos.

- E os Profesionais responsables da prestación de servizos para a resposta ás súas necesidades específicas.

○ Plan galego das Persoas Maiores presente os seguintes núcleos de actuación:

- Promoción de Valores e Protección de Dereitos: que pretende deseñar ferramentas e medidas de actuación destinadas á protección e defensa dos dereitos das persoas maiores, e nomeadamente das mulleres maiores, e á creación de instrumentos que permitan superar os estereotipos sociais negativos asociados a velez.
- Envellecemento Activo: que recolle un conxunto de medidas ordenadas destinadas a procurar o acceso ao benestar e á participación activa das persoas maiores, en termos de igualdade de oportunidades, na vida en sociedade, favorecendo a súa autonomía e impulsando o seu proceso de integración social.
- Eficacia Asistencial: dedicado á ampliación do catálogo de programas, servizos, recursos e prestacións de carácter asistencial destinados ás persoas maiores en Galicia.
- Cooperación Transversal: que constitúe un núcleo novidoso ao propor mecanismos e estratexias para o mantemento e mellora da colaboración, corresponsabilidade e coordinación interdepartamental a nivel da Xunta e a nivel das Administracións Locais.

## MAPA DE INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

### ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

### CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este Plan integrase no Plan de Actuación Social 2010-2013 e pretende a consolidación dos Servizos Sociais e de Benestar de Galicia a través da elaboración dun Mapa de Infraestruturas sociais mediante:

- A análise das carencias e necesidades de novas infraestruturas.
- O equilibrio territorial Oferta -Demanda de servizos sociais.
- E priorizar a construción de novos equipamentos en función da demanda.

Co obxectivo de:

- Ampliar a cobertura dos servizos sociais e de benestar.
- E consolidar a rede pública de prazas e ampliar e homoxeneizar o catálogo de servizos existente na actualidade.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Ampliar o grao de cobertura na atención ás persoas en situación de dependencia	Porcentaxe de persoas atendidas sobre total de solicitantes con dereito recoñecido para cada grao e nivel de dependencia Número total de persoas atendidas Ratio de atención pública por cada tipo de servizo
Emprego das TIC e servizos de proximidade na atención a persoas maiores e persoas con discapacidade	Número de persoas que reciben algún servizo ou recurso de proximidade Número de programas de atención a través do emprego das TIC
Reforzo a través da formación e apoio aos coidadores non profesionais de persoas en situación de dependencia	Número de persoas coidadoras non profesionais Número de persoas coidadoras que recibiron formación Número de coidadores dentro do programa de apoio
Fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade	Número de persoas beneficiarias Número de colaboracións con entidades de iniciativa social Número de actuacións realizadas

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Desenvolvemento de programas de atención integral a menores en situación de dependencia	<p>Número de menores en situación de dependencia beneficiarios</p> <p>Número de programas de atención especial a menores en situación de dependencia</p> <p>Número de entidades colaboradoras destes programas</p>
Mellora do acceso da poboación en situación de dependencia ás axudas técnicas e produtos de apoio a través de sistemas alternativos de xestión	<p><b>Número de beneficiarios de axudas técnicas.</b></p> <p>Porcentaxe <b>de beneficiarios en relación cos solicitantes con dereito</b></p>
Garantir o apoio e protección dos nosos menores	<p>Número de menores beneficiarios das medidas que se atopan en risco de conflito social</p> <p>Número de menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias</p> <p>Número de menores protexidos atendidos pola Xunta mediante os acollementos familiares</p> <p>Número de menores tutelados pola Xunta e en preparación para a inserción laboral</p>
Darlles prioridade ás actuacións que dinamicen as actividades dirixidas á xuventude a través do impulso das políticas transversais	<p>Número de actuacións impulsadas pola Comisión Interdepartamental da Xuventude</p> <p>Número incremento anual do número de actuacións</p>
Incrementar a orientación e o asesoramento especializado a través da rede territorial de servizos á xuventude	<p>Número de beneficiarios</p> <p>Porcentaxes de mozos beneficiarios</p>
Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos	<p>Número de accións voluntarias/voluntarios nas diferentes campañas, levadas a cabo pola Administración</p> <p>Número de proxectos de voluntariado xuvenil</p> <p>Número de proxectos con voluntariado de maiores</p> <p>Incremento dun 20% no número de accións voluntarias levadas a cabo</p> <p>Posta en marcha desta nova iniciativa, co que se prevé un incremento anual dun 10% no número de proxectos presentado</p>

### 2.3.5. OE 1.5. Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria, e atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social. As políticas sociais deben manter o ritmo desas realidades cambiantes e saber darlles resposta aos cambios.

A atención aos colectivos con riscos de exclusión debe diferenciarse segundo as necesidades específicas de cada colectivo, perfeccionando as medidas segundo os destinatarios preferentes.

Dunha banda, as persoas inactivas ou desempregadas, mozos que abandonan o sistema educativo prematuramente, fai que moitas persoas corran risco de pobreza.

O risco de pobreza aféctalles en particular aos colectivos de desempregados, ás persoas con discapacidade e ás persoas de maior idade e incluso persoas con traballo poden caer na pobreza. De aí que o esforzo pola inclusión, integrando no mercado laboral as persoas mediante unha aprendizaxe permanente, especialmente de aqueles colectivos máis afastados dos mercados laborais habituais, sexa un excelente instrumento para loitar contra o risco de pobreza.

En consecuencia, este obxectivo estratéxico abarca unha ampla gama de ámbitos, que en ocasións actúan de xeito transversal, dende

as políticas nos mercados de traballo, a educación, a sanidade, a inmigración o diálogo intercultural.

As políticas de cohesión –das que é guieiro o Fondo Social Europeo– deben seguir axudando a aproveitar en Galicia as oportunidades do mercado único, e ademais dirixirse á mellora das condicións de emprego, á saúde e seguridade no traballo, tamén a promover a igualdade de oportunidades e a inclusión social, e loitar contra a discriminación, o racismo e a xenofobia, creando un clima de tolerancia que colabore ao desenvolvemento das potencialidades de cada cidadán.

Dentro desa xenérica descrición, é preciso incluír tanto as actuacións de loita contra a discriminación por motivos de relixión, conviccións, idade, orientación sexual etc., como as políticas de integración baixo a perspectiva de xénero, os plans de igualdade entre homes e mulleres, de conciliación da vida privada e a actividade profesional, de diminución das diferenzas salariais entre homes e mulleres, entre maiores e mozos, e na medida en que son complementarias dos centros de ensino, as instalacións para o coidado de nenos, gardarías etc.

Por último, neste obxectivo inclúense ás accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e ás actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado. O obxectivo da Xunta de Galicia é mobilizar á sociedade civil mediante o fomento da acción voluntaria, encamiñar e dar resposta á demanda actual de moitas persoas que deciden participar nestas actividades.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ II Plan galego de inclusión social (2007–2013)</li> <li>➤ Plan de calidade e mellora pedagóxica</li> <li>➤ V Plan galego do Goberno galego para a igualdade entre homes e mulleres 2007–2010</li> <li>➤ Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008 - 2011</li> <li>➤ Plan de apoio ao retorno</li> <li>➤ Plan galego de voluntariado (2011-2015)</li> <li>➤ Plan de vivenda 2009-2012</li> </ul>	<p><i>311A (S. X. Igualdade, S. X. Cons.TB, S. X. Fam., D. X. Dep., SGI)</i></p> <p><i>312A (S. X. Familia e Benestar)</i></p> <p><i>312C (S. X. de Emigración)</i></p> <p><i>312F ((S. X. Familia e Ben, D.X. Xuvent. E Vol.)</i></p> <p><i>313B (S. X. Igualdade, SGI)</i></p> <p><i>313C (S. X. Familia e Benestar)</i></p> <p><i>313D (S. X. de Igualdade, SGI)</i></p> <p><i>451A (IGVS)</i></p> <p><i>451B (IGVS)</i></p> <p><i>451C (IGVS)</i></p> <p><i>561B (S.X. Familia e Benestar)</i></p>

## II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL (2007 – 2013)

### ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Traballo e Benestar.

### CARACTERÍSTICAS XERAIS:

A política de inclusión social en Galicia enfróntase a grandes retos nos vindeiros anos, derivados de importantes cambios na estrutura social e da aparición de novas necesidades sociais, xurdidas do progresivo envellecemento da poboación e do incremento das taxas de dependencia, do cambio do modelo clásico de familia, das rápidas transformacións do mercado de traballo, da consolidación de desequilibrios territoriais e da aparición de novas formas de exclusión social.

Neste contexto de transformación social, os principais desafíos en materia de cohesión e inclusión social pasan necesariamente por aliñarse coas seguintes prioridades estratéxicas, combinando medidas de apoio das políticas de rendas mínimas con políticas activas de prevención e inclusión social adaptadas á realidade galega.

- Asegurar que o desenvolvemento económico incorpore plenamente as necesidades da mellora da cohesión social e territorial.
- Reducir dun xeito significativo o número de persoas en situación de pobreza e exclusión social especialmente daquelas que se atopan en situación extrema e persistente de pobreza.

- Minimizar a transmisión interxeracional da pobreza e da exclusión social.
- Mellorar o sistemas de protección social e o acceso aos servizos e equipamentos sociais de calidade para todos e todas.
- Mellorar o deseño, execución e avaliación das políticas específicas de inclusión.

#### **V PLAN GALEGO DO GOBERNO GALEGO PARA A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES 2007-2010**

##### **ÓRGANO XESTOR:**

Consellería de Traballo e Benestar.

##### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

- Participación e empoderamento:  
Poñer en valor os temas que afecten as necesidades básicas ou prácticas e os intereses estratéxicos das mulleres galegas dun xeito transversal nas políticas da Xunta de Galicia fomentando a inclusión da perspectiva de xénero e a presenza, participación activa, representación equilibrada e o empoderamento da diversidade das mulleres.
- Acceso á información e aos recursos:  
Garantir o acceso en igualdade de oportunidades da diversidade das mulleres á información e aos recursos públicos e privados.
- Formación en igualdade entre mulleres e homes:

Promover un cambio cultural e garantir a inclusión da perspectiva de xénero nos aspectos relacionados coa xestión de procesos no ámbito da formación da Xunta de Galicia e ofertar a actualización de coñecementos e a formación en perspectiva de xénero e a igualdade entre mulleres e homes.

- Abordaxe integral da violencia de xénero:  
Previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e a protección das vítimas con actuacións de carácter integral.

#### **PLAN GALEGO DE CIDADANÍA, CONVIVENCIA E INTEGRACIÓN 2008-2011**

##### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral da Emigración.

##### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

O Plan galego de cidadanía, convivencia e integración 2008-2011, constitúe o marco no que se definen as accións das distintas administración públicas, entidades sociais e actores implicados coa finalidade última de acadar a plena integración social das persoas inmigrantes na sociedade galega.

Ademais, este Plan presente os seguintes Obxectivos xerais:

- Garantir un dispositivo integral de acollida das persoas inmigrantes, en especial daquelas que se encontren

en situación de especial vulnerabilidade; de acordo coa Carta de Dereitos Cidadáns de Galicia.

- Facilitar o acceso normalizado aos servizos públicos.
- Promover a integración laboral das persoas inmigrantes.
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións en materia de inmigración.
- Impulsar a convivencia cidadá en termos de respecto á diversidade.
- Adecuar as políticas públicas ás necesidades derivadas da nova realidade social.
- Promover a participación das persoas inmigrantes en todos os ámbitos da sociedade.
- Loitar contra o racismo e maila xenofobia e contra calquera tipo de discriminación.
- Mellorar a coordinación entre as administracións públicas, potenciando o papel dos concellos como administración máis próxima ao cidadán.
- Promover espazos de encontro entre persoas inmigrantes e autóctonas.

## **PLAN DE APOIO AO RETORNO**

### **ÓRGANO XESTOR:**

Secretaría Xeral da Emigración.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

A través do Plan galego de apoio ao retorno, a Xunta porá en marcha unha serie de medidas coa finalidade de que os emigrantes que desexan retornar poidan exercer os seus dereitos en igualdade de condicións cós galegos que residen na comunidade.

## **PLAN DE VIVENDA 2009-2012**

### **ÓRGANO XESTOR:**

IGVS.

### **CARACTERÍSTICAS XERAIS:**

Co Plan de vivenda 2009-2012, a Xunta de Galicia prevé facilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada a máis de 50.000 familias galegas, a través da construción de novas vivendas protexidas, por medio de axudas para a adquisición de vivendas ou para a rehabilitación das xa existentes, así como a través do desenvolvemento de solo residencial destinado á construción de vivenda protexida.

Por primeira vez as axudas para adquisición de vivenda ábrense a unha porcentaxe maior da poboación galega, xa que o límite máximo de ingresos para acceder a estas pasa de 3,5 a 4,5 veces o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples). Neste período apostarase decididamente pola vivenda protexida.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior	Número de beneficiarios de bolsas para alumnos de SUG. (Obxectivo 2500 no 2014)
Inclusión social. Apoio aos colectivos en risco de exclusión social	Número de beneficiarios da RISGA Número de insercións laborais Número de beneficiarios dos programas de desenvolvemento xitano
Fomento do acceso á vivenda a través de axudas, vivenda protexida e bonificacións fiscais para a adquisición de vivenda a determinados colectivos	Número de familias que acceden á vivenda Porcentaxe de incremento de familias que poden acceder a unha familia Facilitarlles o acceso á unha vivenda protexida a 19.000 demandantes de vivenda no período 2010-2014 Incrementar nun 20% os beneficiarios das axudas para acceder á vivenda Número de beneficiarios dos incentivos fiscais
Fomento da rehabilitación de vivendas	Número de vivendas rehabilitadas entre 2010 e 2014. (Obxectivo: 34.000) Porcentaxe de incremento da rehabilitación de vivendas. (Obxectivo: 20% de incremento.)

